

## ID#156

A Pobra do Brollón – A Pobra do Brollón, 1989-06-13

**Informantes:** Álvaro e José Veloso (Álvaro e Pepe *de Forgas*)

**Compilador:** Anxo González

**Colección** de Baldomero Iglesias e Xosé Luís Rivas

**Transcrición:** Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. [Vouvos] dicir unha cousa  
que os hei de facer rir  
un gaiteiro moi gracioso  
un día do mes d' abril.
2. Il chamábase Cristovo  
i a súa muller Micaíela  
tocaban nas romerías  
foliadas e nas festas.
3. Ganaba moito diñeiro  
tocando a súa gaitiña  
homes, rapaces e vellos  
rabeaban por oíla.
4. Cristovo, na foliada  
bebeu de máis unha pinga  
e despois vendeu a gaita  
sin sabe-lo que facía.
5. E cando chegou á casa  
borracho com' on pelexo  
–Que lle fixeches a gaita  
Cristovo, que eu non cha vexo?
6. –A miña gaita, vendina  
á noite na foliada  
porque estaba acabadiña  
de vella xa non tocaba.
7. –Sácate de aí, Cristovo  
sinvergonza e porcalleiro!  
Pra que vendiche-la gaita  
s'eu sen gaita non te quero?
8. Cristovo, que aquilo viu  
salió ca cabeza baixa  
dicindo: –Válgame Dios!  
Pra que eu vendería a gaita?
9. Cristovo, ao ver aquilo  
comprou outra nova gaita  
entrou pola casa adiante  
tocando unha ribeirana.

